

UN MONXE CHAMADO HERMANN KÜNIG E A SÚA GUIA MEDIEVAL DE PEREGRINOS

Gómez Vila, Javier

Director Proxecto Vía Künig

Doutor Xeografía e Historia

López Caldeiro, María José

Historiadora Proxecto Vía Künig

Eu, Hermann Künig de Vach
quero compoñer coa axuda
de Deus un pequeno libro que se vai
chamar O camiño de Santiago.
Nel quero describir camiños,
pegadas e de que modo todo
irmán de Santiago deberá abastecerse
con bebida e comida.

O obxectivo de Künig queda plasmado nestas liñas cas que da comezo a súa guía de peregrinos. Elaborar unha Guía de Peregrinos era desde logo un obxectivo realmente ambicioso en esas décadas finais da Idade Media. Con toda probabilidade, sería a tarefa de toda unha vida. A dificultade que entrañaba tal empresa a podemos palpar na case total ausencia deste tipo de documentos, de feito, tan so existen dúas guías de peregrinos medievais: o Códice Calixtino e a de Hermann Künig.

PALABRAS CLAVE

Camiño de Santiago, mosteiro de Penamaior, guía de peregrinos, Vacha, Künig,

1. HERMANN KÜNIG MONXE SERVITA NO MOSTEIRO DE VACHA (ALEMAÑA)

A orde de orixe italiana dos servos de María, tamén coñecidos como servitas, tiña unha ampla representación en Alemaña con 13 conventos¹, todos situados nos landers orientais, que eran considerados pola casa nai de Florencia como a quinta provincia.

O mosteiro servita de Vacha, actual estado de Turinxia, estaba situado ao carón do río Werra nunha pequena e tranquila vila da que aínda se conserva a súa antiga ponte medieval. O apelido Künig (König) está amplamente documentado nesta zona polo que é posible que fose o lugar de nacemento de Hermann Künig. Entre os anos 1479 e 1486 temos varias mencións a el nos propios rexistros do convento, primeiro co cargo de recadador de esmolos e, no derradeiro ano, como ausente.

Durante toda esta etapa no convento prepararía a conciencia a peregrinación a Santiago. Unha tarefa realmente complexa pola propia dificultade



Lám. 1. Estatua de Hermann Künig na rotonda de acceso a Pedrafita do Cebreiro.

¹Halberstadt; Himmelgarten; Halle; Germersheim; Bernburg; Erfurt; Radeburg; Grossenhain; Altlandsberg; Schornsheim; Mariengart; Vacha; Schöntal.

que ten unha viaxe de preto de 2400 km (mais outros tantos de volta) nunha época caracterizada pola enorme dificultade de atopar datos, sobre todo fiables. 5000 km andando, por terras descoñecidas, con distintas linguas, moedas, leis, perigos... desde logo unha empresa arriscada que habería que preparar minuciosamente si se quería ter éxito e, sobre todo, volver vivo.

A parte económica foi resolta posiblemente cas esmolas recadadas desde o seu cargo que serían destinadas, total ou parcialmente, a sufragar a peregrinaxe.

A maior parte das informacións que puido recoller Künig serían as orais de outros peregrinos que xa foran a Santiago. Esta tarefa non sería excesivamente complexa xa que as décadas finais da Idade Media caracterízanse como unha etapa de auxe do fenómeno xacobeo, sobre todo en terras xermanas, grazas a súa ampla demografía propiciada polas boas condicións económicas. Efectivamente, esta excelente acollida que tiña a peregrinación entre a poboación alemá nesta época sería o alicerce que motivou Künig para redactar a guía e tamén explicaría a enorme difusión que se lle fixo posteriormente con cinco edicións.

Estas informacións orais serían completadas ca información recollida das fontes escritas. Os itinerarios, xa coñecidos desde a antigüidade, estaban na Idade Media plasmados en forma de listas de pobos, por onde pasaban os camiños, ou xa en mapas. Do primeiro caso son famosos os itinerarios de Exeria (S. V) ou do monxe franco Bernardo (S. IX). En canto aos mapas, estes xa tiñan moito éxito e eran moi utilizados durante a época romana plasmando esa impresionante rede de estradas do imperio de preto de 100.000 km. Durante a Idade Media foron copiados de novo ou inseridos noutros mapas. A Tábula Peutingeriana, por exemplo, é a copia no século XIII dun mapa de vías romanas do século IV. De xeito parecido destaca o Itinerario de Antonino onde no século XV se elabora un mapa copiando as vías romanas do século III. Künig quizais empregou algúns destes mapas de vías romanas como fonte de información o que explicaría o seu

coñecemento da existencia da vía romana XIX. Este importante trazado romano unía as capitais romanas de Astorga e Lugo co asentamento de Asseconia (Santiago de Compostela) a través das poboacións de Herrerías de Valcarce, Pedrafita, As Nogais, Becerreá, Baralla, Corgo, Lugo cidade, San Román da Retorta e Melide. Este foi de feito o trazado elixido por Künig en Galicia en detrimento do clásico percorrido do Camiño Francés por O Cebreiro, Triacastela, Portomarín e Sarria.

Deste xeito, ese percorrido que seguiu Künig a través da cidade de Lugo, converteuse nun importante camiño medieval moi usado como vía peregrinación a Santiago de Compostela durante toda a Idade Media. Non sería desatinado pensar que nas mans de Künig caera algún dos múltiples relatos de peregrinos que falaban deste itinerario como, por exemplo, o de aquel anónimo crego inglés que peregrinou a Santiago no século XIV, visitando o mosteiro de Penamaior e a cidade de Lugo.

2. A PEREGRINAXE

Non se coñece a data exacta en que Künig realizou a peregrinación nin canto tempo lle ocupou, xa que os rexistros do convento de Vacha non o volven a mencionar desde a súa partida. Probablemente a comezase en 1486 ou xusto nos anos seguintes, que é cando figura como ausente, e suponse que volve nos anos anteriores a 1495, xa que este é a data da primeira edición da súa guía.

Curiosamente, estas datas da peregrinación de Künig coinciden ca expansión da propia orde dos Servos de María en España. Frei Antonio Alabanti, Director Xeral da orde, conseguiu do Papa Inocencio VIII a bula *Apostolicae Sedis Intuitus* o 27 de maio de 1487. Esta bula, coñecida tamén co nome de *Mare Magnum*, foi a que permitiu á Orde tentar, de novo, establecerse na Península Ibérica. No Capítulo Xeneral de Bolonia determinase levar a cabo esta empresa, para o que se envía a España a Frei Girolamo Fuschi, ca misión de percorrer diferentes cidades para tentar levar a cabo fundacións conventuais. Fuschi, foi elixido Chanceler da Orde en 1485 e Vigairo Xeral para a Península Ibérica en 1487 para este fin. Seguramente a súa elección para



Lám. 2 Mapa gráfico do itinerario seguido por Künig entre Herrerías de Valcarlos e Lugo.

esta tarefa debeuse á súa fama como predicador. O gran éxito deste segundo intento de establecer conventos Servitas na Península tivo a súa recompensa, xa que o mosteiro feminino de Santa Ana de Morvedre (Sagunto) adheriuse á Orde en 1489.

O seu paso pola Península está constatado entre 1488 e 1493. Ao longo destes cinco anos sabemos que Fuschi estivo a predicar en Santiago de Compostela, durante a Pascua de 1488 e 1489. A última data coñecida de Fuschi na Península foi en 1493, cando participou nunha disputa celebrada en León co Rabino Laban Abaton.

Esta coincidencia das datas da viaxe de Künig ca época de expansión da orde na Península Ibérica e a presenza de Fuschi puido certamente deberse a unha mera casualidade ou, pola contra, puido obedecer a un plan preconcebido de antemán. De feito, non sería nada estraño que ambos monxes coincidiran en Santiago, que fixeran parte da peregrinación xuntos ou mesmo que levaran a cabo outras tarefas para a Orde como o propio

intento de anexión de mosteiros, foi neste senso Penamaior un obxectivo de incorporación?. A ausencia de máis datos impídenos resolver este punto dun xeito concluínte pero abre unha interesante vía de investigación ao tempo que nos formula unha nova pregunta: fixo Künig a peregrinación so? Ou tivo compañía?. O feito de aparecer na xilografía da edición de Nuremberg unha peregrina entrando pola porta ao mesmo tempo que Künig axeónllase ante Santiago é de gran importancia, no so, polo feito de ser a primeira imaxe dunha peregrina medieval, senón tamén, porque pode indicar a presenza doutras persoas como acompañantes.

Un dos aspectos que Künig coidou ao mínimo detalle e que, en certas ocasións, lle serviu para decantarse por un itinerario fronte a outro, foi asegurar establecementos onde poder comer e durmir dun xeito satisfactorio. A súa situación e as impresións que tivo deles e unha constante ao longo da guía. Os máis repetidos son os establecementos ca orde dos antonianos tiñan ao longo do percorrido desde Alemaña a través

de Suíza, Savoia, Val do Ródano, Montpellier e Tolosa. No caso galego tamén se asegurou contar co gran establecemento de axuda aos peregrinos como era o mosteiro de Penamaior en Becerreá, nomeado por outros peregrinos como explicaremos posteriormente.

Outro tema que lle prestou especial atención foi evitar as montañas, preferindo camiños mais doados, aínda a costa de dar un rodeo que, por outra banda, sempre son curtos. As montañas no mundo antigo, cas súas costas, sempre supoñían un problema engadido á dificultade que tiña de por si a propia viaxe e, como en todas as épocas, un cansazo extra. Se se viaxaba con carro, era moi frecuente, que os animais que facían de tiro non fosen capaces de subir, polo que se necesitaba contratar tiros adicionais, co respectivo aumento de custo. Estas zonas montañosas, que adoitaban estar nevadas e intransitables a maior parte do inverno, eran ademais inhóspitas, despoboadas, sen establecementos de hospedaxe e cuns camiños moito peores que nas outras zonas que xa de por si eran moi malos. Pero a todos eses inconvenientes se lle engadía quizais o peor, ou polo menos ou que mais respecto causaba: eran as zonas onde estaban os asaltadores e delincuentes que roubaban aos viaxeiros e, tamén, aos peregrinos. Ante todo isto a lóxica impoñía evitalas, obviamente, que é o que precisamente fai Küñig en todo o seu percorrido. Ademais o fai dun xeito imperativo, claro, conciso, para que non haxa lugar a dúbidas. Deste xeito avisa de como evitar o monte do Manzanal (León):

*Pero se queres seguir o meu consello,
Has de coller pola dereita,
Entón non che compre superar ningún monte,
Déixaos quedar todos á man esquerda.
Códade do Rabanal (del Camiño), tal e o meu consello...
De xeito semellante indica a entrada en Galicia:
Desde aquí has de ir por unha ponte (Herrerías de Valcarce)
E por outra aínda, agora tesme que entender ben:
Se non queres coller o camiño polo monte da Faba
Déixao quedar á esquerda
E a altura da ponte desvíate á dereita*

De todos os peregrinos é coñecida a extrema dureza da chamada Costa da Faba que ascende cara a O Cebreiro. Küñig prefire un camiño mais doado por Pedrafita, As Nogais, Becerreá, Baralla, Corgo, Lugo e Melide, onde se volve a unir ao Camiño Francés. Este camiño ademais contaba cunha estrutura e cunha rede asistencial aos peregrinos tan boa como o propio Camiño Francés que prefire evitar. Non debemos de esquecer que o obxectivo fundamental que se contempla na peregrinación a Compostela é o alcance da ansiada meta apostólica nas mellores condicións físicas e espirituais e no menor tempo posible. Neste senso o trazado por Lugo aporta ao peregrino todas estas vantaxes xa que é mais doado, permite visitar elementos relixiosos de gran importancia -reliquias do mosteiro de Penamaior e cidade de Lugo- e solo supón 17 km mais que o trazado polo Camiño Francés.

A cidade de Lugo tivo durante a Idade Media unha enorme importancia como lugar de tránsito de peregrinos testemuñada pola presenza de sete hospitais. Os peregrinos que chegaban ben polo Camiño Primitivo ou pola Vía Küñig se xuntaban á entrada da cidade, na Porta de San Pedro, e dende aquí facían o mesmo percorrido ata Santiago. Pero ademais Lugo tiña, e ten, un valor engadido de carácter relixioso como lugar de atracción de peregrinos mais alo da súa excelente posición xeográfica: a exposición permanente do Santísimo Sacramento. Unha exposición case única no mundo e que, segundo as derradeiras investigacións, tivo un importante auxe na segunda metade do século XV.

A importancia da zona de San Pedro, actualmente coñecida como San Roque, como lugar de tránsito de peregrinos queda reflectido na existencia da capela de San Pedro de Fora que xa existía na segunda metade do século XII. Adolfo de Abel Vilela (Lucensia 2020, nº 60, páxs. 59-71) afirma que esta capela situada na zona da Praza dos Mártires de Carral “seguramente formaba parte dun pequeno lugar de acolleita de peregrinos cando chegaban a cidade e as portas da muralla estaban pechadas, xa que os hospitais ou albergarías estaban no interior...”

A K nig lle agradou a cidade de Lugo dun xeito especial como el mesmo reco nece na gu a:

A cidade est  constr ida de xeito pouco com n, Cousa que todo o mundo ve con agrado.

O que cita expresamente   o balneario que queda ao car n da Ponte Vella pola cal continua cami o cara a Melide que a define como “a cidade destr ida”, o que realmente ser a as  xa que foi arrasada durante as Guerras Irmandi as, acontecidas vinte anos antes da s a peregrinaxe. Non   a primeira vez que presta atenci n  s augas termais na s a viaxe o que   l xico xa que ser an realmente reparadoras para o seu cansado corpo.

3. A GU A MEDIEVAL DE PEREGRINOS DE HERMANN K NIG

Xunto ao C dice Calixtino constit e o  nico exemplo de gu a medieval de peregrinos, o que lle confire un valor incalculable.

Escrita en alem n antigo consta de 651 versos. As rimas, moi posiblemente, axudar an a ir memorizando o texto que  a compo ndo durante a marcha cas caracter sticas da ruta. Unha das s as particularidades mais excepcionais   a s a magn fica precisi n, realmente sorprendente para esta  poca. Ofrece informaci n detalladas sobre avituallamento, pousadas e hospitais adecuados, peaxes, cambio de moedas, bifurcaci ns de cami os, pontes, barcas, lugares para reparar os zapatos, esmolos.... Mentres fai isto tam n da consellos, ou emite x izos sobre diferentes aspectos. Emprega a legua como unidade de medida cun valor duns sete quil metros, a inda que pode variar nalgunhas zonas. Isto   comprensible porque K nig non pos e ning n aparato de medida, polo que as calcula en funci n do espazo recorrido nunha hora e isto depende doutros factores como desnivel, tipo de cami o, climatolox a...



L m. 3. Recreaci n cinematogr fica de Hermann K nig escribindo a s a Gu a para o documental de Jaime Pardo Vald s “V a K nig: 500 anos de peregrinaxe”

**Die walsart vnd Straß
zu sant Jacob.**



**Die strasz vnd meilen
zu sant Jacob vß vnd yn in war-
heit ganz erfahren findstu
in disem büchlin.**



**Die strasz zu sant Jacob:
in warheyt ganz erfahren.**




**Die strasz vnd
meilen zu sant Jacob
auß vnd ein in warheyt ganz erfarn
findstu in dysem buchlein**



Lám. 4 Xilografías das distintas edicións da guía de peregrinos de König. Ezq. superior primeira edición de 1495. Drcha superior edición sen data de Estrasburgo. Ezq. inferior edición de Núremberg sobre 1520. Drcha inferior edición de Leipzig de 1521.

Divide a guía en dúas partes claramente diferenciadas: o camiño de ida, chamada “vía alta” ao que lle dedica 520 versos mentres que ao camiño de volta “vía baixa” abóndalle con 130 versos.

O propio König decátase da enorme importancia que ten a súa guía e de que grazas a ela vai a axudar a moitos peregrinos. Pero non so foi König quen tivo esta percepción. Os propios contemporáneos tamén a consideraron como unha obra de culto, esencial e indispensable. Esta enorme importancia e consideración levou a que fose publicada en cinco ocasións entre 1495 e 1521, nunha época ademais onde resultaría moi difícil publicar un libro, xa que a imprenta levaba escasamente cincuenta anos funcionando desde a súa invención por Gutenberg. Todo isto indica o moito que estimaban os consellos desta guía.



Lám. 5 Texto primeira edición de 1495

A primeira edición sería en torno a 1495. Lle sucederían a de Estrasburgo e Nurenberg das que non coñecemos a data. En 1520 volvería a saír outra edición en Nurenberg na imprenta de Jobst Gutknecht. A última e a de 1521 impresa en Leipzig. Estas reedicións sofren un corte brusco e radical nesta data debido ao inicio das guerras de relixión en Alemaña onde as teses de Lutero, seguidas por boa parte dos príncipes alemás, enfróntanse ao defensor do catolicismo o emperador Carlos I de España. A longa guerra e a visión negativa que o luteranismo ten sobre a peregrinaxe fai que practicamente desapareza no norte de Europa.

4. O GRAN CENTRO DA VÍA KÜNIG EN GALICIA: O MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE PENAMAIOR (BECERREÁ)

Como vimos previamente, Hermann König aconsella explicitamente non subir polo Monte da Faba, senón coller outro camiño á dereita despois da segunda ponte cara a cidade de Lugo. Isto non o fai por casualidade. Era plenamente coñecedor da existencia dunha ruta que ía lévalo ata a cidade de Lugo dun xeito mais doado.

O camiño de König por Lugo tiña e terá o longo dos séculos unha serie de elementos definitorios dun camiño xacobeo. Neste intre ímonos centrar tan so nun deles, o elemento relixioso mais sobresaínte nesta ruta: o convento de Santa María de Penamaior, dó que hoxe só se pode ver unha construción derruída, aínda que conserva en pé a súa fermosa igrexa.

Hai diversas teorías sobre a súa orixe e a data de fundación, pero todas elas coinciden en que uns monxes do mosteiro de Carracedo de León chegaron á montaña de Becerreá e alí ficaron para axudar ós peregrinos que ían cara a Santiago. Os monxes levaban con eles unha imaxe da Virxe das Abarcas e unha reliquia dun *Lignum Crucis*. A fundación do convento tería lugar na segunda metade do século XII e aínda que un pouco afastado dos núcleos de poboación, non o estaba tanto como para non servir de apoio ós peregrinos.



Lám. 6 Igrexa do Mosteiro de Penamaior (Becerreá)

Un dos grandes atractivos dos camiños de peregrinación eran as reliquias e os obxectos sagrados. Penamaior dispoñía deles, e este feito fixo que o número de peregrinos que chegaban alí para venerar ditos obxectos fora en aumento. O tempo que aumenta o número de peregrinos, aumenta tamén o número de donacións particulares, pecuniarias ou en propiedades, a prol do convento. Ademais destes donativos, Penamaior recibía tamén agasallos por parte dos reis, en forma de privilexios. O convento vive a súa época dourada e o seu máximo esplendor económico durante a Idade Media.

Coa chegada dos Reis Católicos, as cousas cambian. Isabel e Fernando coñecerán o relato do Santo Milagre do Cebreiro e visitarán o seu santuario. Tanto a súa presenza alí, como todos os privilexios e prebendas que concederán para favorecer ós peregrinos que ían a Santiago polo camiño do Cebreiro, darán fama e beneficiarán a Santa María do Cebreiro en detrimento de Santa María de Penamaior.

Falabamos antes da recomendación de Künic de non subir pola Faba, senón coller o camiño que vai por Pedrafita. Estas dúas rutas están perfectamente debuxadas nun mapa de 1768 do Bispado de Lugo. Observando o seu trazado é doado comprender a enorme importancia deste camiño que dende terras leonesas chega ata a capital de Lugo, seguindo un dos seus ramais, ou ata a costa cantábrica polo outro ramal. Penamaior estaba situado moi preto desta bifurcación. Por alí pasaban comerciantes, tropas, camiñantes de todo

tipo, e por suposto, como din os documentos de Penamaior, peregrinos que ían a Santiago, e que tras venerar as reliquias do convento, seguirían cara a Lugo, entrando pola Porta Toledana, para visitar a catedral. A partires da Porta Toledana, o camiño é común cos peregrinos do primitivo.

Durante a Idade Media, o convento contaba tamén cun hospital e cunha enfermería. A súa fundación tivo lugar había a metade do século XIII. O hospital era o lugar no que se daba aloxamento e manutención ós viandantes e estaba situado na freguesía de San Salvador de Furco. Na enfermería dábanse coidados ós peregrinos que o necesitasen e atopábase no lugar de Liñares, parroquia de San Lourenzo de Ramallal, hoxe desaparecida como tal, aínda que segue en pé a sinxela ermida. Descoñecemos a data na que o hospital e a enfermería deixaron de prestar auxilio ós peregrinos, pero no século XVI xa son só topónimos. Nos arredores da igrexa parroquial de San Xoan do Furco aínda atopamos hoxe un lugar chamado Hospital.

Os topónimos e os microtopónimos son básicos nun traballo de reconstrución dun camiño de peregrinación, e ademais de *hospital* e *enfermería*, hai outros moi significativos. Un deles é *camión*. Podémolo encontrar dando nome a unha entidade de poboación, con abundantes exemplos fora de Galicia (Santa María del Camión, Fresno del Camión, Espinosa del Camión), e non tantos dentro dela (San Miguel do Camión en Castroverde). Nos arredores de Penamaior temos unha Casa do Camión e unha Fonte do Camión, ambos no lugar de Arandedo en Baralla. Pero poida que o topónimo que mais identifica un camiño de peregrinación sexa *Camión Francés*. Atopámolo dende Perineos ata Santiago de Compostela. Debe o seu nome ós peregrinos de nacionalidade francesa que acudían en gran número a visitar a tumba do Apóstolo. Loxicamente non todos serían franceses, pero por extensión, os veciños chamarían francés a calquera que camiñara por eles e fora estranxeiro, independentemente da súa nacionalidade. Cando xa as peregrinacións sufriran unha diminución notable, cando xa apenas se vían forasteiros pola ruta, o nome de *camión*



Lám. 7 Lignum Crucis do Mosteiro de Penamaior (Becerreá)

francés mantense na memoria dos veciños e aínda o usaban como deslinde de propiedades. Nos libros de Penamaior encontrámolo con frecuencia deste mesmo xeito.

E xa rematando este capítulo de topónimos e micro topónimos, imos mencionar un moi significativo: Mount Nostre Dame. Está recollido nun relato de viaxe dun crego inglés que peregrinou a Santiago no século XIV. As súas vivencias publicounas outro crego, Samuel Purchas xa no século XVII. O peregrino anónimo menciona o Monte da Faba aínda que non parece que suba por él. Logo nomea ese Mount Nostre Dame, Monte da Nosa Señora, que ben podería ser Santa María de Penamaior e logo menciona a cidade de Lugo. E lóxico pensar que o peregrino de Purchas pasou por Penamaior. Xa sabemos que un século despois König non sobe pola Faba e que tamén chega a cidade de Lugo. König percorrería ese camiño medieval que era empregado por peregrinos ou camiñantes en xeral.

Do conxunto conventual de Penamaior soamente podemos admirar hoxe a igrexa. Imos mencionar algúns elementos que ten en común con outras igrexas de peregrinación. A súa planta é basilical con tres amplas naves rematadas cada unha delas nunha capela absidal que no pasado albergou un altar e un retablo. Hoxe soamente se conserva o altar maior. Hai uns pequenos detalles que nos fan pensar na gran cantidade de fieis que era capaz de albergar: esas amplas naves a que nos referíamos, o feito de que aínda hoxe se conserven ata cinco confesionarios repartidos por elas; o amplo pórtico de acceso e o grao de desgaste da pedra das súas escaleiras. Incluso poderíamos citar a existencia deses tres altares nas capelas absidais que permitirían a celebración de mais de unha liturxia á vez. A igrexa presenta no seu exterior uns elementos que os peregrinos coñecían á perfección. Un de eles é unha cruz gravada na pedra, quizais templaria, e na fachada principal, a vieira, mellor dito, dúas vieiras, símbolo do camiño de Santiago por excelencia.

Un elemento escultórico que se estendeu polo camiño de Santiago dende a catedral de Jaca foi o chamado axadrezado xaques e Penamaior amósao con orgullo no seu interior, e dende logo, baixo o magnífico rosetón da súa fachada norte.

Xa dixemos que o convento vive o seu máximo esplendor na Idade Media, coincidindo coas multitudinarias peregrinacións por todos os camiños que levaban a Santiago. A partires de aí, o número de peregrinos diminúe como consecuencia de moi diversos factores. O declive de Penamaior verase favorecido ademais pola perda do favor real, polo cambio do trazado do novo camiño real, e polas desamortizacións do XIX. O grande mosteiro da Vía König chega á situación de esquecemento e abandono na que hoxe se atopa, aínda que a súa igrexa foi declarada *Ben de Interese Cultural, con categoría de monumento histórico artístico* por Real Decreto de 27 de agosto de 1982.

